




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Illas Atlánticas Exteriores. Municipio: Ribeira. Parroquias: Nosa Señora do Carme de Aguiño. Extensión: 2,57 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Os arquipélagos de Sálvora, Vionta e Sagres son o resultado da emerxencia dos montes de maior altitude do macizo granítico que continúa cara ao suroeste a aliñación montañosa da serra do Barbanza. Trátase de pequenas illas rochosas entre as que destaca, pola súa extensión, a de Sálvora, onde se sitúa o monte Gralleiro (71 m s. n. m.). Inclúe o EIX Formas e depósitos costeiros das Illas Atlánticas.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

O baseamento rochoso está completamente formado por unha granodiorita biotítica con megacristais da Idade Tardiherciniana. Os sedimentos do Cuaternario compóñense de praia, dunas, manto eólico e algunhas áreas detríticas de erosión dos grans en cubetas e alvéolos.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Todo o territorio insular está incluído dentro do dominio climático cálido e húmido: temperaturas medias anuais superiores a 15 °C e precipitacións acumuladas de entre 1200 mm e 1400 mm ao longo do ano. A oscilación térmica media anual sitúase entre os 12,5 °C e os 13,5 °C.

OS SOLOS

Unidade insular de natureza acantilada en que dominan os solos pobres, esqueléticos e de escaso desenvolvemento en profundidade, fundamentalmente regosoles e letposoles líticos, con abundancia de afloramentos do rochedo granítico na superficie.

AS AUGAS

As illas que compoñen esta unidade non contan cunha rede hídrica destacable, máis alá das pequenas valgadas nos acantilados orixinadas por arrosios de escorrentía temporais. Atópanse baixo o influxo da masa de augas costeiras de punta Falcoeiro–illa de Sálvora (20101).

O PATRIMONIO NATURAL

Arquipélago do LIC Complexo Húmido de Corrubedo, Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e IBA Medio mariño das Rías Baixas. Costa rochosa baixa con hábitat 1230 (cantís mariños atlánticos) e 1210 (vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados). Existen zonas dunares e de manto eólico, dominantes na metade norte da illa de Sálvora e na de Vionta, co grupo 21 (dunas marítimas atlánticas) e con potencialidade para o 2230 (dunas con céspedes de Malcolmietalia). Amplas extensións de matogueiras secas en Sálvora, cos hábitats 4030 (breixeiras secas europeas) e 4040 (breixeiras secas costeiras atlánticas de Erica vagans). Son frecuentes os afloramentos rochosos, sobre todo na metade sur de Sálvora, co hábitat pendentes con vexetación casmofítica (grupo 82). Na planicie central de Sálvora aparece algún bosque de ribeira (91E0) acompañado por prados hidromorfos. Cóntase con citas dos taxons prioritarios protexidos Linaria arenaria, Cytisus insularis e Erodium maritimum.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

No litoral costeiro da illa de Sálvora alternan as praias e as zonas rochosas. Entre as primeiras destacan a praia dos Lagos, a dos Bois e a do Castelo. O interior da illa está composto por prados de vexetación costeira e por unha pequena pero densa masa de arboredo de repoboación. As únicas edificacións existentes son as instalacións do faro e un castelo. No illote da Vionta distínguese dous areas: Vionta leste e oeste. Os illotes de menor tamaño están formados por zonas rochosas e vexetación costeira herbácea.

MORFOLOXÍA

Non existe ningunha conexión no tocante á morfotopoxía das edificacións existentes, dado que as únicas edificacións son as instalacións do faro, un castelo e unha capela (antiga cantina) na praia do mesmo nome. Tamén se observan as ruínas dunha antiga fábrica de salgadeira e secado.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Hai dous camiños que parten dende o peirao da praia do Castelo: un parte transversalmente en dirección sueste, cara onde se sitúa o faro; e o outro enlaza co anterior e transcorre lonxitudinalmente paralelo ao litoral en dirección norte, e vaise ramificando noutros camiños de menor entidade, un dos cales conduce á praia dos Bois. Existe un peirao para a atracada de embarcacións entre a praia do Castelo.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Como patrimonio arqueolóxico, destacan o xacemento romano da praia de Bois e as fosas de enterramento de náufragos da illa de Sá. Por outra banda, cómpre salientar a importancia do castelo de Sálvora, que pertencía ao marquesado de Revilla. Na zona XX atópanse os restos dun embarcador e dunha antiga fábrica de salgadeira, a primeira da ría de Arousa. Existe unha escultura dunha serea á entrada do peirao.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Arquipélago formado polas illas de Sálvora, Vionta e Sagres. A illa de maiores dimensións é a de Sálvora. Posúe unha costa áspera e moi accidentada con furnas, bloques e acantilados rochosos. O seu punto máis elevado está a 71 m. As praias mantéñense case intactas. A paisaxe antropizada está composta polo pazo ou castelo e o peirao, a antiga fábrica de salgadeira, unha cantina reconvertida en capela, unha escultura e o faro.

DINÁMICA DA PAISAXE

Nos anos sesenta os veciños de Carreira levaban o gando a pastar nos prados do parcelario existente daquela; hoxe en día son inapreciables, dado o abandono deste uso. Obsérvase unha tendencia a compactar este medio natural, debido á perda da paisaxe humanizada. Apréciase tamén un aumento de árbores de repoboación.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

O conxunto que compón o arquipélago dota a ría de Arousa dun espazo natural cun altísimo valor paisaxístico, cheo de beleza e singularidade. A súa pertenza ao Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia sitúao como un referente da comarca das Rías Baixas. E a súa inclusión no LIC do Complexo Húmido Intermareal de Corrubedo vincúlao coa parroquia de Aguiño e, xa que logo, coa comarca do Barbanza. Escolleuse o encontro entre os dous camiños da illa de Sálvora e o faro que leva ese mesmo nome como punto de observación, debido ao seu fácil acceso e á intervisibilidade das rías contiguas e do horizonte mariño. O arquipélago inclúe varias proteccións: Espazo de Interese Xeomorfolóxico, Rede de Espazos Naturais e Rede Natura 2000. Está tamén incluído no LIC do Complexo Húmido Intermareal de Corrubedo, no Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e no IBA Medio mariño das Rías Baixas. Como patrimonio arqueolóxico, destaca o xacemento romano da praia de Bois e as fosas de enterramento de naufragos da illa de Sá. Por outra banda, cómpre salientar a importancia de O Castelo, que pertencía ao marquesado de Revilla e, máis ao norte, os restos dun embarcadero e dunha antiga fábrica de salgadeira, a primeira da ría de Arousa. Recordar que nos días despexados tanto esta unidade coma o resto de unidades que se encontran dentro do sector de Illas Atlánticas son observables dende os miradores de A Curota (Concello de A Pobra) ao norte e A Grova (Concello de Baiona) ao sur.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantís / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:21.822

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



